


## DICTAME

### **SOBRE O PROXECTO DE DECRETO DE ORDENACIÓN DA VENDA AMBULANTE**



Edita: Consello Económico e Social de Galicia

Imprime:

Infografía:

Dep. legal:

## **1.- ANTECEDENTES**

1.- Con data 30 de novembro de 1998, tivo entrada no Consello Económico e Social de Galicia oficio da Consellería de Industria e Comercio sometendo a consideración deste organismo o borrador do Proxecto de Decreto de ordenación da venda ambulante, para que polo Consello se emitira dictamen de natureza facultativa que defina a posición dos axentes económicos e sociais representados no Consello no intento de enriquece-lo texto normativo.

2.- O texto do borrador do Decreto foi remitido en data 1 de decembro de 1998 ó presidente e ós membros da Comisión Sectorial nº 1, *Economía, emprego e desenvolvemento territorial*, competente para emiti-lo dictame por razón de materia. Á vez, tal como establece o Regulamento de Réxime Interno do CES, deuse conta á Comisión Permanente da citada entrada e remisión do texto do borrador.

3.- Na mesma data o Presidente do Consello comunica ó conselleiro solicitante que o procedemento para a emisión de dictame do Consello sobre o asunto reclamado xa foi posto en marcha e que según o artigo 5 da Lei de creación do CES o prazo para o remate dos traballos será dun mes.

4.- O día 1 de decembro de 1998 o presidente convoca á Comisión Sectorial nº 1 para o xoves 10 de decembro, co fin, entre outros asuntos, de inicia-lo traballo de reflexión sobre a proposta de dictamen.

5.- Tra-lo estudio do texto remitido pola Consellería, a Comisión Sectorial 1º, na súa sesión 2/98, de data 11 de decembro, aprobou a proposta de dictamen e remitiuna ó Presidente do Consello para a súa tramitación.

6.- O Pleno do Consello, na súa sesión 4/98, celebrado en data 14 de decembro, acordou delegar na Comisión Permanente do CES a aprobación do Dictame obxecto de estudio, de acordo cos artigos 34 e 35 do Regulamento de Réxime Interno do CES.

7.- A Comisión Permanente 7/98 do CES, celebrada en data 23 de decembro, accorda aproba-lo seguinte Dictame.

## **DICTAME**

*Sobre o Proxecto de Decreto de ordenación da venda ambulante.*

### **2.- ESTRUCTURA E CONTIDO**

O Proxecto obxecto de Dictame estrutúrase en seis Capítulos, constituídos por 29 artigos, dúas Disposicións finais e tres Anexos.

O Capítulo I recolle as Disposicións Xerais, como é o ámbito de aplicación, órganos competentes, criterios de determinación e a obriga de inscrición no rexistro Xeral de Comerciantes Ambulantes.

O Capítulo II recolle as competencias dos Concellos en materia de exercicio da venda ambulante.

O Capítulo III regula as condicións requiridas para o exercicio da venda ambulante.

O Capítulo IV regula o Rexistro Xeral de Comerciantes Ambulantes. Dito Capítulo está formado por tres seccións. A Sección 1ª regula o Rexistro Xeral de Comerciantes Ambulantes; a Sección 2ª, a estrutura e formalidades do Rexistro Xeral de Comerciantes Ambulantes; e a Sección 3ª, o Procedemento de Inscrición.

O Capítulo V regula o carnet Profesional e a Placa Identificativa.

O Capítulo VI crea a Comisión Galega de Comercio Ambulante.

O Anexo I recolle o modelo de solicitude para inscribirse no Rexistro Xeral de Comerciantes Ambulantes; o Anexo II amosa o carnet Profesional de Comerciantes Ambulantes; e o Anexo III, o modelo de Placa Identificativa.

### **3.- OBSERVACIÓNS XERAIS**

O CES considera que non sería preciso o Capítulo II “Competencias dos Concellos en materia de exercicio da venda ambulante” nen o Capítulo III “Condicións requeridas para o exercicio da actividade da venda ambulante” do Proxecto de Decreto, xa que os concellos deben facer coa súa propia normativa a regulación desta modalidade de venda, dentro no marco da Lei de Comercio Interior de Galicia, que regula no Capítulo VI a venda ambulante, como levan feito ata a actualidade. É importante a regulación do Capítulo I “Condicións xerais” e do Capítulo IV “Rexistro xeral de comerciantes ambulantes” –xa que, ó crear este rexistro, estase a cumpri-lo estipulado no artigo 10, parágrafo último, da Lei de Comercio Interior de Galicia–, así como do Capítulo V “Carné profesional e placa identificativa”.

En segundo lugar, e xa entrando na análise do Proxecto obxecto de Dictame, o CES considera que debería regularse no mesmo o ámbito de outros supostos de venda arraigados en Galicia:

*Outros supostos de venda:*

*Os Concellos, nos termos previstos nas súas Ordenanzas reguladoras da venda ambulante, poderán autoriza-la venda directa exercida polos agricultores, e por aqueles que non pertencendo o sector do comercio pretendan exercer-la actividade ou comercializa-los artigos por eles producidos ou fabricados, no seu termo municipal, ou nos térmos limítrofes, limitada á súa propia produccción, previa a esixencia dos requisitos e documentos que acrediten a súa condición de produtores primarios e dos establecidos nas regulamentacións técnico-sanitarias para os produtos alimenticios.*

*Dita autorización municipal especificará individualmente os produtos que poderán ser vendidos polo produtor acollido a dita modalidade de venda., así coma o lugar onde deba exercerse, datas e horarios en que poderá practicarse. a autorización municipal deberá exhibirse de forma visible e permanente no punto de venda.*

#### **4.- OBSERVACIÓNS PARTICULARES**

En relación o texto do Proxecto de Decreto de ordenación da venda ambulante, remitido ó CES pola Consellería de Industria e Comercio da Xunta de Galicia, o Consello Económico e Social entende que deberían contemplarse as seguintes modificacións no articulado do proxecto:

**Artigo 3.- apartado a):** Debería acotarse máis o termo equipamento comercial da zona, como criterio xeral a ter en conta polos Concellos para a determinación dos lugares, dimensións, días, horario e frecuencia da venda ambulante.

**Artigo 5.- apartado b):** Debería acotarse o sentido estricto do termo acceso, polo que propónse suprimir de dito parágrafo a referencia ós distintos tipos de accesos, de forma que quedaría redactado como sigue:

*“b) As zonas e lugares determinados onde deberá exercerse este tipo de venda”.*

**Artigo 7:** Xa que son os Concellos os que teñen competencia para fixa-lo número de autorizacións de comerciantes ambulantes dispoñibles para cada unha das modalidades recoñecidas legalmente e determina-los días e o horario correspondente para o exercicio da actividade, tal como determina o artigo 7.1, considerase innecesaria a restricción establecida no parágrafo 2º de dito artigo, e polo tanto o parágrafo 3º.

Propónse suprimi-los parágrafo 7.2º e 7.3º do artigo 7, de xeito que o parágrafo 7.1º convertiríase en único.

**Artigo 9.- parágrafo 1º:** Consideráse que cando en dito artigo establécese que a zona urbana de emplazamento autorizados para o exercicio da venda ambulante determinárase polos Concellos, oídas as Cámaras Oficiais de Comercio, Industria e Navegación, as Asociacións de Consumidores e Usuarios, así como as Asociacións empresariales, deberían incluírse ás organizacións sindicais, e os Consellos Económicos e Sociais municipais e comarcais, así coma as organizacións veciñais.

**Artigo 10:** Proponse a eliminación de dito artigo xa que é competencia dos concellos a determinación das zonas de venda ambulante. Dado o elevado número de núcleos de poboación en Galicia por Concello, o determinante non é a concentración da mesma nun determinado municipio.

**Artigo 12, letra g):** Proponse a supresión da referencia ó permiso de residencia e de traballo de forma que a redacción sexa homoxénea coa da Lei de Comercio Interior de Galicia, de xeito que dito apartado quedaría redactado como sigue:

*“g) No caso de estranxeiros, acredita-lo cumprimento da normativa específica vixente”.*

**Artigo 13, parágrafo 1º.-** É preciso especifica-lo carácter de persoal e intransferible das autorizacións municipais otorgadas polos concellos, por titular e por concello, de xeito que a redacción de dito parágrafo quedaría como sigue.

*“13.1.- As autorizacións municipais otorgadas polos Concellos para o exercicio da actividade de venda ambulante terán validez dun ano e serán personais e intransferibles, por titular e concello, con excepción do disposto nos parágrafos seguintes para o caso de que os seus titulares sexan persoas físicas”.*

**Artigo 19, letra a):** En consonancia coa redacción que o CES propón do artigo 12 letra g), propónse que se suprima a expresión de que se require permiso de residencia e traballo, de forma que quedaría redactado como sigue:

*“a) D.N.I. ou pasaporte da persoa interesada na inscrición. Se o solicitante fose extranxeiroa acredita-lo cumprimento da normativa específica vixente”.*

**Artigo 20, parágrafo 4:** Enténdese que transcorrido o prazo de resolución expresa, a falta da mesma debe producir efectos estimatorios da inscrición solicitada, en virtude do artigo 43 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común. Quedaría, polo tanto, redactado como sigue:

*“20.4.- O prazo máximo para resolver é de tres meses, contados a partir da data de presentación da solicitude”.*

**Capítulo VI:** Considérase que debe eliminarse este capítulo, no que se crea unha Comisión Galega de Comercio Ambulante. As funcións desa comisión coinciden coas asignadas á Comisión Consultiva de Distribución e Ordenación Comercial regulada no artigo 8, letra a) da Lei de Comercio Interior de Galicia.

**ANEXO I:** No cadro de dito anexo, onde se relaciona a documentación adxunta, propónse a redacción do primeiro apartado conforme a modificación do artigo 19 a) proposta.:

*“Fotocopia do D.N.I. ou pasaporte da persoa interesada na inscrición. Se o solicitante fose extranxeiro/a acredita-lo cumprimento da normativa específica vixente”.*

Santiago de Compostela, 23 de decembro de 1998

## **VOTO PARTICULAR**

***Voto particular que formula la Confederación de Empresarios de Galicia (CEG) sobre la propuesta de Dictame do CES-Galicia al Proxecto de Decreto de Ordenación de la Venta Ambulante: eliminación de los párrafos 2º y 3º del artículo 7.***

En atención a fijar un auténtico marco normativo homogéneo que dote de seguridad a aquellos comerciantes dedicados a la venta ambulante, colectivo que tiene derecho a ejercer dignamente esta actividad, en unas condiciones que permitan una participación en el mercado en igualdad de oportunidades frente a otros colectivos dedicados al comercio, en cualquiera de sus variedades, y en colaboración con ellos, consideramos que esta norma resulta especialmente importante, pues viene a dar cauce a las inquietudes y demandas tanto de los ambulantes (con



amplia tradición en nuestra C.A. y que supone el 46,45% de las actividades comerciales de grandes superficies, mercadillos y otros) y del comercio tradicional en establecimiento permanente (que constituye el 90,50% del total de las actividades comerciales de nuestra C.A.), transcurridos diez años desde la aprobación de la Ley 10/1988, de 20 de julio, de Ordenación del Comercio Interior de Galicia.

Por este motivo, no consideramos adecuada a la actual situación de desregulación del sector del comercio ambulante, la propuesta de supresión de los párrafos 7.2º y 7.3º, que profundiza en la misma, permitiendo a los Ayuntamientos, de ser asumida por la Administración autonómica, la facultad de utilizar hasta un máximo de todos los días de la semana para la autorización municipal de apertura de nuevos mercados periódicos ambulantes.

No obstante, sí hay que reconocer inseguridad jurídica en la redacción del art. 7.3, pues se permite la posibilidad de celebración de tales mercados, hasta dos días a la semana, en aquellas poblaciones infradotadas de equipamientos comerciales, sin especificar qué se entiende por tal infradotación, dejanda a cada Ayuntamiento la libertad total de tales autorizaciones. Esta mención debiera estar concretamente especificada en la normativa para no provocar inseguridad jurídica, en razón al número de actividades comerciales/habitante en el municipio.

Santiago de Compostela, 23 de decembro de 1998

---

Santiago de Compostela, 23 de decembro de 1998

Vº. e P.

O PRESIDENTE

O SECRETARIO XERAL

Asdo: Luis Suárez-Llanos Gómez

Asdo: Carlos Monclús Diez de Ulzurrun